

## FGE | Next GeneratiOn Galicia

A Declaración conxunta 23-24	
<b>Data</b>	15 de febreiro de 2023
<b>Lugar</b>	En liña
<b>Organización</b>	Fundación Galicia Europa
<b>Asistentes</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Presidencia</li><li>▪ Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación</li><li>▪ Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes</li><li>▪ Consellería de Facenda e Administración Pública</li><li>▪ Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda</li><li>▪ Consellería de Sanidade</li><li>▪ Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)</li><li>▪ Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)</li><li>▪ Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)</li></ul>
<b>Relatora</b>	<b>Sonia Vila Núñez</b> , xefa de unidade responsable de IDEA, o centro de asesoramento da presidenta da Comisión Europea.

## INTRODUCCIÓN

No primeiro encontro virtual de 2023, a relatora analizou as implicacións da tradicional Declaración Conxunta, o acordo interinstitucional no que os principais protagonistas do proceso legislativo europeo (Comisión Europea, Parlamento Europeo e Consello) establecen os obxectivos da UE para o proceso legislativo do ano seguinte. Marcada pola guerra en Ucraína e polas conclusións da Conferencia sobre o Futuro de Europa, esta Declaración vai máis aló da anualidade e alcanza tamén ó 2024, último ano de mandato da Comisión Europea e do Parlamento Europeo, xa que, antes de que o novo ciclo democrático europeo comece, deberanse impulsar os máis de cen expedientes legislativos actualmente en discusión.

O encontro foi inaugurado polo vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, quen rememorou os comezos destas reunións virtuais, nadas durante a crise sanitaria. Máis de dous anos despois, os encontros "FGE | NextGeneratiOn Galicia" permanecen como un punto de encontro coas institucións europeas no que se fomenta o intercambio de ideas e se relata a experiencia galega á hora de trasladar o requirido a nivel europeo en temas tan diversos como as transicións verde e dixital, a política de cohesión ou a crise enerxética.

Ó final da sesión, o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, expuxo o plan anual de actuacións da Fundación Galicia Europa, que concorda e se alíña co proceso legislativo europeo que nos agarda, ó tempo que senta as bases das aportacións galegas ó debate europeo. Entre as súas prioridades, o director xeral remarcou, entre outros, a defensa dunha transición xusta no marco do Pacto Verde Europeo, o seguimento da execución do Plan nacional de Recuperación e Resiliencia, a concreción dunha posición galega de cara ó marco financeiro comunitario posterior a 2027 ou a defensa dos intereses galegos na avaliación do funcionamento da Política Pesqueira Común (PPC).

## RESUMO DA REUNIÓN

Dende o comezo do seu mandato, o executivo comunitario presentou máis de 700 grandes iniciativas (o cómputo global é maior), das cales se aprobaron 440 a data de febreiro de 2023. A un ano e medio de que teñan lugar as eleccións ó Parlamento Europeo, considérase fundamental que o maior número de propostas vexa a luz e que aquelas estancadas nas negociacións do procedemento legislativo poidan ser finalmente aprobadas. Neste proceso, agárdase un papel destacado durante o segundo semestre de 2023 da presidencia española.

A Declaración Conxunta 23-24 recolle 164 propostas legislativas (preto de 100 son transferidas da Declaración Conxunta de 2022 e a maioría reiteran os contidos do programa de traballo da Comisión Europea para 2023, publicado en outubro). As súas prioridades seguen inspiradas polos principios e aspiracións das orientacións políticas presentadas en 2019 pola presidenta da Comisión Europea, mais adaptadas ó contexto actual (recuperación económica tras a crise sanitaria, guerra en Ucraína, crise enerxética... ). Búscase, entre outros, reducir dependencias, (especialmente no eido enerxético), así como reforzar a capacidade de liderado global da Unión ó tempo que se redefine a relación cos socios transatlánticos (China, África, América Latina).

En consonancia con todo isto, entre as prioridades da Declaración Conxunta destacan as seguintes:

### 1) Pacto Verde Europeo

O Pacto Verde Europeo séguese presentando como unha das grandes apostas da Declaración Conxunta, a través de 52 propostas, entre as que destacan, por exemplo, a relacionada coa creación dun Banco Europeo de Hidróxeno, agardada durante o terceiro trimestre de 2023. Trataríase dun “facilitador do mercado” que axudará a “producir dez millóns de toneladas de hidróxeno renovable na UE cada ano de aquí a 2030”, tal e como sinalou a presidenta Von der Leyen durante o Discurso sobre o estado da Unión -tamén coñecido como SOTEU, polas súas siglas en inglés- de 2022.

A Declaración Conxunta apunta, ademais, a unha rápida conclusión de “**Obxectivo 55**” para acadar a esixente meta de redución de emisións en 2030, xa que a metade do paquete legislativo aínda está sendo negociado polos colexisladores. Con todo, pódese sinalar que xa se acadaron varios logros: o **primeiro acordo** chegaba a finais de outubro e con este estipulábase o 2035 como data a partir da cal no mercado da UE só se fabricarán turismos e vehículos comerciais lixeiros de cero emisións. Tras este fito, confirmáronse outros en materia climática, como a aplicación do comercio de dereitos de emisión a novos sectores (edificios e transporte) nun réxime separado, ó que estará asociado o novo Fondo Social para o Clima.

A Declaración Conxunta tamén remarca como “acelerar as transicións xemelgas no sector da enerxía e reformar o deseño do mercado eléctrico europeo -unha proposta que se agarda en marzo- brindará solucións estruturais” para combater a crise enerxética e a dependencia enerxética de Rusia. Estas medidas complementarán outras de igual transcendencia xa adoptadas no marco de **REPowerEU**, a maioría coa soa intervención do Consello, como o regulamento que introduce “un mecanismo temporal de corrección para as transaccións de gas natural nos principais mercados [...] que serve como instrumento contra os episodios de prezos excesivos do gas”.

### 2) Unha Europa adaptada á era dixital

Como xemelga da transición verde atópase a dixital. En novembro entraba en vigor o regulamento de Servizos Dixitais, un gran paso na transformación dixital de Europa que se verá acompañado da aprobación doutros actos legislativos pendentes, como a Lei de Datos

ou a proposta de Directiva relativa á mellora das condicións laborais no traballo en plataformas dixitais. Ademais, para “garantir un subministro axeitado e diversificado para a transición xemelga”, a Declaración Conxunta prioriza medidas como a Lei de Chips, que reforzará o ecosistema europeo de semicondutores, ou a futura Lei Europea de materias Primas Fundamentais.

### 3) Unha economía ó servizo das persoas

Revisarase o marco de gobernanza económica da UE –“máis flexibilidade nas sendas de redución da débeda” dos Estados membros, pero “unha maior responsabilidade en canto ó cumprimento do que se acordou”, segundo o exposto no SOTEU de 2022-. A pesar de non ser mencionado por non tratarse dun procedemento legislativo ordinario, tampouco quedará atrás a avaliación do funcionamento do Marco Financeiro Plurianual (MFP), que establece os niveis máximos de gasto da UE en diferentes áreas. Con unha perspectiva que abarca o período 2021-2027, e polo tanto deseñado antes de que moitas crises imprevistas acurralasen á UE, este orzamento a longo prazo podería ser obxecto dunha revisión intermedia.

### 4) Unha Europa máis forte no mundo e impulso á democracia europea

O pasado verán, a administración Biden implantaba as medidas contidas na Lei de Redución da Inflación (IRA, polas súas siglas en inglés), a estratexia coa que se desexa promocionar os produtos e empresas estadounidenses. Como resposta, a Comisión Europea vén de lanzar o chamado “Plan Industrial verde”, co que se pon o foco nas tecnoloxías verdes e limpas, combinando os obxectivos e requisitos contidos na Estratexia Industrial europea e no Pacto Verde.

Así mesmo, a Declaración Conxunta menciona a invasión de Ucraína a mans de Rusia, que redunda nun novo esforzo “por debilitar e dividir á Unión”. Con todo, persiste o compromiso co pobo ucraíno, o que incluírá “axuda militar e humanitaria, apoio político e financeiro, así como acceso continuo dos ucraínos a empregos, vivendas, educación, capacitación e atención médica da UE”. Tamén “se facilitará o acceso de Ucraína ó mercado único e a área de itinerancia europea” e apoiárase a reconstrución do país.

Segue destacando o “[Global Gateway](#)”, a estratexia global da UE para crear asociacións en todo o mundo co ánimo de impulsar o comercio e o investimento, o tempo que redefine a axuda ó desenvolvemento. Esta estratexia será renovada en 2023 e en 2024.

## PRESENTACIÓN DA FGE

Prioridades da Fundación Galicia Europa para 2023:

- 1. Defender unha transición xusta e ordenada no marco do Pacto Verde europeo:** Galicia está firmemente comprometida coa neutralidade climática para 2050 como se recolle na estratexia en vigor dende 2019. Dende fai dous meses, forma parte, ademais, da Misión da UE para a adaptación ao cambio climático. A transformación de sectores como o do automóbil ou o enerxético e as repercusións no sector primario son cuestións sensibles nas que Galicia defende a necesidade de adaptar ben os tempos e contar cos recursos necesarios para acompañar estes sectores.
- 2. Defender os intereses galegos na avaliación do funcionamento da Política Pesqueira Común (PPC).** Como primeira rexión pesqueira, Galicia participou activamente nos debates previos ó informe de avaliación dos dez anos de funcionamento da actual PPC, recentemente saído á luz. A Xunta de Galicia conta cunha posición consensuada na que defende a integración plena dos aspectos sociais e económicos na aplicación da PPC, reclama un comercio pesqueiro en igualdade de condicións con terceiros países, unha pesca sostible baseada en datos científicos e un maior papel do sector pesqueiro na gobernanza da PPC. En relación coa integración da PPC no Pacto Verde Europeo, deféndese un maior recoñecemento da cadea mar-industria como provedora de alimentos sostibles e saudables, en liña coas grandes estratexias que marcan actualmente a axenda comunitaria: a de Biodiversidade, a da “Da Granxa a Mesa” e o Plan Europeo de Loita contra o Cancro.
- 3. Definir unha posición galega de cara ó marco financeiro comunitario posterior a 2027.** 2023 será xa o último ano de execución dos fondos estruturais e de investimento (FEDER, FSE, FEADER e FEMP) 14-20 e o primeiro da nova programación 21-27. Será tamén o ecuador da execución do instrumento temporal de recuperación NextGenerationEU e o seu programa estrela: o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR). A diferente forma de xestionar os fondos tradicionais e o MRR é xa obxecto de discusión en Bruxelas e forma parte dun debate máis amplo de cara ó próximo período de financiamento. Unha das nosas prioridades será a de definir a posición de Galicia neste debate, especialmente en relación coa política rexional, que copa un terzo do orzamento comunitario.
- 4. Facer seguimento da execución do MRR.** Este mecanismo temporal introduciu novidades importantes na execución de fondos europeos como unha maior centralización por parte do Estado ou a simplificación dos desembolsos. A Xunta de Galicia ten xa comprometidos os fondos que lle transferiu o Estado (máis de 900 millóns) e identificou unha trintena de proxectos industriais maduros en diferentes sectores para poder presentarse ós Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación Económica (PERTE). A FGE fai un seguimento da evolución destes PERTE, pois de

momento o ríxido deseño das súas convocatorias non permite facilmente a presentación dos proxectos galegos.

5. **Defender os intereses galegos na Revisión da Rede Transeuropea de Transporte (RTE-T).** Actualmente a debate no Parlamento e o Consello, a proposta da Comisión Europea recolle como novidade para Galicia: a inclusión no Corredor Atlántico do tren de alta velocidade entre Oporto e Galicia. A través do contacto directo co Parlamento Europeo e co Estado, e da Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM), Galicia trata de influír nestas negociacións para asegurar, entre outras prioridades, a conexión de Vigo dentro do Corredor Atlántico e, dentro desta cidade, garantir a conexión co porto.
6. **Difundir as capacidades galegas de investigación e innovación:** a recente designación de Coruña como sede da primeira axencia nacional de supervisión da intelixencia artificial na UE, é un recoñecemento ós esforzos de Galicia por situarse na vangarda da transformación dixital. Xunto coa colaboración con outras rexións europeas no marco das redes Vanguard Initiative e ERRIN, quérese dar a coñecer o ecosistema de I+D+i galego e aumentar o número de axentes europeos cos que este interactúa.
7. **Contribuír coa nosa experiencia ó Ano Europeo das Capacidades** para chamar a atención sobre a necesidade de reciclaxe e perfeccionamento profesional dos traballadores dentro da UE e de atraer as capacidades necesarias de fóra da UE. A FGE contribuirá a difundir a nivel europeo a Estratexia galega de capacidades, na que a Xunta traballa dende 2021.

## LIGAZÓNS DE INTERSE

- [Declaración Conxunta 2023-2024](#)
- [Nota de prensa da Xunta de Galicia](#)
- [Noticia FGE: A Fundación Galicia Europa defenderá en 2023 unha transición xusta e ordenada no marco do pacto verde europeo](#)